PROGRAMA ignicia

Curso online:

AVALIACIÓN DE CARTEIRA TECNOLÓXICA. MODELO DE *PRESCREENING* TECNOLÓXICO

Decembro de 2021

A Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fundación Barrié, organiza a formación teórico-práctica "Avaliación de carteira tecnolóxica. Modelo de *prescreening* tecnolóxico", sobre o modelo de *prescreening* de tecnoloxías desenvolto no marco do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento, como paso para a súa posible implantación dentro dos procesos de valorización de tecnoloxías.

Este curso, de carácter gratuíto, está dirixido a persoal que desenvolva funcións de xestión de transferencia en centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D que conten con resultados científico-tecnolóxicos para valorizar.

O programa abrangue unha formación teórica de 3 horas de duración, que se celebrará o día 2 de decembro de 10:00 a 13:00 h, e catro sesións de asesorías individualizadas de 1 hora de duración cada unha sobre a aplicación a un caso concreto do modelo explicado na sesión teórica. As datas e o horario das asesorías individualizadas planificaranse con cada unha das persoas asistentes. O caso concreto (resultado científico-tecnolóxico) será aportado polo alumno/a.

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

Fundación Barrié

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia en colaboración coa Fundación Barrié

Contido

Sesión teórica. Explicación do modelo de *prescreening*

/ Introdución ao proceso de valorización de tecnoloxías
/ O *prescreening* dentro do proceso de valorización
/ Introdución á metodoloxía
/ Utilidade da metodoloxía e as contornas de uso
/ Fases do proceso de avaliación
  → Caracterización comercial da tecnoloxía
  → Avaliación
  → Elaboración do informe
/ Os formularios de caracterización comercial da tecnoloxía e de avaliación

Sesións individualizadas

/ **SESIÓN 1.** Sesión de traballo en cada un dos centros para a cobertura do formulario de caracterización da tecnoloxía. Explicación da aplicación de criterios e reflexión para abordar a avaliación
/ **SESIÓN 2.** Sesión de traballo sobre o avance na aplicación de criterios con enfoque cuantitativo e cualitativo
/ **SESIÓN 3.** Sesión sobre o avance no informe final, revisión dos resultados previos e análise dos resultados
/ **SESIÓN 4.** Sesión final de revisión do informe de avaliación, conclusión e recomendacións

Á finalización do curso disporase dun informe de avaliación dun resultado científico-tecnolóxico seguindo a metodoloxía *prescreening* definida

Axenda

Sesión teórica: 2 de decembro de 10:00 a 13:00 h

Sesións individualizadas: as datas e o horario das asesorías individualizadas planificaranse con cada unha das persoas asistentes. En caso de que asista máis dunha persoa por centro as sesións realizaranse de forma conxunta

Requisitos de participación

→ Persoal que desenvolva funcións de xestión de transferencia en centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D que conten con resultados científico-tecnolóxicos para valorizar

Número de prazas

→ 15

Contacto

→ 981 957 012
→ programacion.centros.gain@xunta.gal

Inscrición

→ Ata o día 29 de novembro ás 13:00 h
a través do formulario de inscrición dispoñible na web do programa

Biografías dos formadores

Eladio Crego

Eladio dispón de máis de 20 anos de experiencia en planificación financeira, avaliación e negociación de inversións e en valorización e comercialización de tecnoloxías. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, MBA por Abanca Business School e PMD por ESADE Business School. Dende 2009 é consultor independente, xestor do Fondo de Ciencia da Fundación Barrié (5,5 M€) e representante da mesma no Fondo de Proba de Concepto Ignicia da Axencia Galega de Innovación. Actualmente é membro do consello de administración das spin-offs iPronics Programmable Photonics, Nasasbiotech, Qubiotech e LeanXcale.

Anteriormente foi membro do comité de inversións do Fondo de Inversión I2C e xestor de inversións en Uninvest e Unirisco, ambos fondos de inversión especializados en compañías tecnolóxicas, onde xestionou inversións por 15M€ en 11 *start-ups*.

Jesús Díaz

Dende 2008 é consultor senior en Estratega Consulting Global, S.L. Anteriormente, entre 2006 e 2008, foi analista de inversións en Unirisco (sociedade de capital risco especializada na inversión en spin-offs universitarias), *controller* en Pull&Bear (2005-2006) e técnico de emprendemento do Programa Empresa Concepto (2004-2005). É licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e MBA en Dirección e Administración de Empresas.

Durante a súa traxectoria profesional especializouse no eido da planificación da innovación, o emprendemento e os plans de comercialización de tecnoloxías, a valorización tecnolóxica e os procesos de innovación.